

SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

1.- **Prazo de solicitude: Dende o día 19 ata o día 25 de xullo de 2021.**

2.- **Lugar de presentación das solicitudes:** As solicitudes de inscrición deberán presentarse **PREFERENTEMENTE** a través da sede electrónica do Concello da Estrada (<https://aestrada.sedeelectronica.gal>), ou no seu defecto no Rexistro Xeral do Concello da Estrada, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

3.- **Terán carácter preferente no uso das instalacións** os programas deportivos municipais e as actividades e competicións de carácter federativo, así como no caso dos pavillóns dos centros educativos, as actividades organizadas polos propios centros ou as ANPAS.

4.- **A concesión dunha franxa horaria a tempada anterior, en calquera instalación, non implica que esa mesma sexa concedida esta tempada automaticamente polo feito de facer a solicitude, xa que se tratou dunha situación excepcional, na que non tiveron actividade moitos dos clubs usuarios das instalacións.** As concesións serán única e exclusivamente para a tempada 2021-2022.

5.- A Estrada Deporte **poderá modificar, adaptar ou eliminar horarios os horarios de utilización de instalación concedidos**, previo aviso os clubs afectados, por cumprimento das restriccións marcadas polas distintas administracións en relación o COVID19, para poder seguir facilitando a utilización das instalacións e previa comunicación o/os club/s afectados. Asimesmo, estes horarios poderían variar en función do número de solicitudes, das datas do curso escolar, de competicións oficiais e torneos e eventos deportivos puntuais.

6.- Dende A Estrada Deporte tentarase dar cobertura dos horarios solicitados segundo o número de deportistas/equipos do club, categoría na que participen e antigüidade. As solicitudes de maior número de horas atenderanse segundo a carga e a dispoñibilidade da instalación. **Agradecemos cas solicitudes sexan reais** e se axusten as verdadeiras necesidades de cada solicitante, para poder optimizar o uso das instalacións. Deberase de indicar na solicitude a data de inicio das actividades por parte do club.

7.- **Todas aquelas solicitudes que non se presenten dentro do prazo, atenderanse unha vez realizado o cadrante de horarios de cada instalación, e dentro das dispoñibilidades existentes.**

8.- **Os horarios asignados estarán vixentes dende o 1 de Setembro de 2021 ata o 30 de xuño de 2022.** Aqueles clubs que necesiten iniciar ou rematar a súa actividade fora dese período, deben de comunicarllo a A Estrada Deporte para poder seguir utilizando a instalación correspondente.

9.- **TODO O ANTERIORMENTE DETALLADO, PODERÁ VARIAR SEMPRE E CANDO AS NORMATIVAS SANITARIAS OU AS RECOMENDACIÓNS PARA Á ACTIVIDADE DEPORTIVA SUFRAN MODIFICACIÓNS POLA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL, SEMPRE RESPECTANDO Á LEXISLACIÓN VIXENTE.**